



Resolución Xunta Directiva 15 de febreiro de 2019:

para a adxudicación da contratación dunha asistencia técnica para a realización do programa de actividades “Pensa en Azul” nos centros de secundaria do territorio

ANTECEDENTES:

Segundo acordo da Xunta Directiva celebrada na data do 11 de xaneiro de 2019 e atendendo aos principios do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible e no marco do programa Mar Galaica Ensina que pretende achegar o mar aos escolares do territorio e facelos coñecedores do seu entorno, e da súa importancia como motor de desenvolvemento do territorio, apóstase por sensibilizar á xuventude do territorio da importancia deste recurso no marco do desenvolvemento sostible que se pretende dende o GALP.

Para comezar esta labor de sensibilización, o GALP presentou os principios do Pacto Local en todos os centros educativos do territorio logrando espertar o seu interese en facer partícipes aos seus alumnos nas accións realizadas neste ámbito partindo da premisa “Pensa en Azul e vive no teu territorio”.

Dentro deste marco de traballo, tratamos de sensibilizar á xuventude do territorio a apostar por un futuro azul, sostible e inclusivo, e para elo ponse en marcha un programa de actividades que permita materializar este obxectivo.

PROCEDEMENTO:

Coa data do 18 de xaneiro de 2019, publícanse as bases que regularán o procedemento para a adxudicación da contratación mencionada. As propostas presentadas foron:

- 1) Arenaria Coordinación, cunha oferta económica de 13.948,88,00 euros.
- 2) Icsem , cunha oferta económica de 14.883,00 euros .
- 3) Diego Vázquez Miramontes, cunha oferta económica de 14.169,00 euros





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Segundo as bases de procedemento a empresa adxudicataria sería aquela que presentase a oferta económica máis vantaxosa.

Polo exposto anteriormente a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible **Resolve:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa ARENARIA COORDINACION por ser a oferta mais vantaxosa economicamente.

Muros, 15 de febreiro de 2019

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

